Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión extraordinaria e urxente do 12 de decembro de 2018**

**ASISTENTES:**
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez
Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

Dª Mª. Carmen Silva Rego
Dª. Olga Alonso Suárez
Mª José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día once de decembro de dous mil dezaoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación,o secretario xeral do Pleno Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso e a titular de Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1431).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión**.**

**2(1432).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON VODAFONE PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO EN PROXECTOS PILOTOS DE TECNOLOXÍA 5G. EXPTE. 8682/113.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 10/12/18, e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de 06/12/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

**PRIMEIRO**.- En data 30 de novembro de 2018, o 2º Teniente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Patrimonio, Xestión municipal, Administración Electrónica e Recursos Humanos, Fomento e Contratación, acordou iniciar expediente para a a elaboración e aprobación, de se-lo caso, por parte do Concello de Vigo e Vodafone España S.A.U. dun convenio de colaboración en proxectos piloto de tecnoloxía 5G.

**SEGUNDO.-** A xefatura de Administración Electrónica, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Xestión municipal, o 5.12.2018, redacta "Memoria xustificativa do convenio de colaboración con Vodafone para a colaboración do Concello de Vigo en proxectos pilotos de tecnoloxía 5G. Estes pilotos, ou casos de uso, supoñen unha oportunidade de probar e impulsar as novas tecnoloxías de futuro 5G para o Concello de Vigo e para as empresas, a universidade, centros de investigación e emprendedores da cidade de Vigo e a súa contorna, o que forma parte da competencia municipal do artigo 25.2.ñ da LBRL.

FUNDAMENTOS

**I.- Lexislación aplicable**

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administraciones públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2018

**II.- Convenio**

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 25 do Real Decreto Lexislativo

3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS).

En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo, art 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, detállase no informe xurídico obrante no expediente, e responde ó contido definido no citado precepto.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

As necesidades-obxectivos concretos se definen asemesmo na Memoria, e consisten nun compromiso de colaboración co proxecto que Vodafone presentará para a convocatoria de subvención a Proxectos Piloto 5G, da entidade pública "Red.es" (Orde ECE/1016/2018)*-. Os casos de uso da tecnoloxía 5G, que constitúen o obxecto do convenio, sen compromiso de desenbolso económico para o Concello de Vigo, e nos cales o Concello de Vigo adquire un compromiso de participar como usuario dos mesmos, son os seguintes:

1. Promoción das Illas Cíes, patrimonio da humanidade UNESCO, mediante dispositivos de realidade aumentada en eventos, escolas,…
2. Uso do 5G no proxecto de coche autónomo na cidade de Vigo en colaboración co CTAG
3. Retransmisión en directo por Internet dos principais eventos deportivos da cidade
4. Uso do 5G en liñas de transporte público para ofrecer novos servizos como o WIFI de alta velocidade e sistemas en tempo real (estado do firme, contaminación,...)
5. Axuda aos sistemas de seguridade e emerxencias da cidade mediante cámaras de seguridade móbiles, con sistemas de análise en tempo real, para grandes eventos e uso drons para situacións de emerxencia.

**III.- Procedemento e competencia.**

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2, entre outras, sinala as seguintes competencias propias:

- ñ) Promoción no seu término municipal da participación da cidadanía no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións.

e respecto aos casos de uso dos pilotos 5G deste convenio sinala, entre outras, as seguintes:

- f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.
- g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.
- h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitirse informe xurídico e da Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

A sinatura do presente convenio corresponde ao Alcalde de conformidade co artigo 124.1 LRBRL, no obstante habilítase tamén ao Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, Patrimonio, Recursos Humanos e Administración electrónica, Fco. Javier Pardo Espiñeira

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

**Primeiro**.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN CON VODAFONE PARA A COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO EN PROXECTOS PILOTOS DE TECNOLOXÍA 5G, e transcrito no Anexo da presente.

**Segundo**.- Solicitar de Vodafone España S.A.U. a aprobación do convenio que se anexa para a execución do mesmo.

**Terceiro**.- Habilitar ao 2º Teniente de Alcalde, Concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Contratación, de Xestión municipal, Patrimonio, Recursos Humanos e Administración electrónica,- Fco. Javier Pardo Espiñeira para, no seu caso, a sinatura do convenio.

**Cuarto**.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I:

TEXTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

En Vigo, a __ de decembro de 2018

REUNIDOS

**Dunha parte** D. Carlos Becker Mantecon, con DNI número 13.138.699-H e D. José Manuel Ruiz Muñoz, con DNI número 05.204.307-M, ambos con domicilio social en Avenida de América número 115, 28042 Madrid, actuando en nome e representación de **Vodafone España**, S.A.U. (en diante, VODAFONE), con C.I.F. número A-80907397, en virtude respectivamente de escritura de poder outorgada ante o Notario de de o Ilustre Colexio de Madrid, D. Francisco Javier Cedrón

López-Guerreiro, con data 27 de setembro de 2017, co número 1.513 do seu protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, Tomo 30.963, Folio 96, Sección 8, Folla M-131612, Inscrición 612 de data 6 de outubro de 2017, e de escritura de poder outorgada ante o Notario desta capital e do Ilustre Colexio de Madrid, D. Francisco Javier Cedrón López-Guerreiro, en data 12 de decembro de 2014 e número 2.085 do seu protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, Tomo 30.963, Libro 0, Folio 50 Sección 8, Folla M-131612, Inscrición 540 de data 15 de xaneiro de 2015 comparecen e como mellor proceda en Dereito.

**Doutra parte** D. ________________________________________ provisto de DNI número _________, con domicilio profesional en Vigo en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en representación do **Concello de Vigo** (en diante "o USUARIO"), provista de C.I.F. número P3605700H con domicilio en Vigo. Intervén na súa condición de representante da citada entidade. E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

En diante VODAFONE e o Concello de Vigo respectivamente, denominaranse conxuntamente "as Partes" e individualmente, cada unha delas, "a Parte",

EXPOÑEN

I. Que a Entidade Pública Red.es (en diante "Red.es"), adscrita ao Ministerio de Economía e Facenda a través da Secretaría de Estado para o Avance Dixital puxo en marcha a convocatoria de subvencións a Proxectos Piloto de Tecnoloxía 5G, dentro do Plan Nacional 5G e do Plan Nacional de Territorios Intelixentes, co obxectivo de impulsar experiencias piloto para promover unha demanda temperá que facilite experimentar coas diferentes dimensións da tecnoloxía 5G, e promover o desenvolvemento de ecosistemas entre operadores, provedores de tecnoloxía e solucións, e usuarios.

II. Que, no desenvolvemento destes pilotos, de acordo coa convocatoria espérase a participación de operadores de telecomunicacións, subministradores de equipamento e servizo, desenvolvedores de aplicacións, universidades e centros de investigación, empresas sectoriais implicadas en proxectos de transformación dixital e outros axentes interesados en experimentar as vantaxes da tecnoloxía 5G e abordar proxectos de transformación dixital relacionados con esta tecnoloxía.

III. Que, o pasado 3 de outubro de 2018 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Orde ECE/1016/2018, de 28 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións a proxectos piloto de tecnoloxía 5G.

IV. Que VODAFONE é unha operadora líder en servizos de telecomunicacións, habilitada pola lexislación sectorial de telecomunicacións para a prestación do servizo telefónico móbil dispoñible ao público mediante o establecemento ou a explotación de redes públicas telefónicas móbiles para o que conta coas preceptivas concesións de dominio público radioeléctrico, que actualmente está implementando a tecnoloxía 5G.

V. Que VODAFONE está interesada en participar nos proxectos piloto de tecnoloxía 5G que se realicen baixo a convocatoria citada no expositivo III, ben de maneira individual ou a través dunha Unión Temporal de Empresa (en diante, "UTE").

VI. Que o USUARIO do caso de uso é unha administración pública involucrada activamente en proxectos de transformación dixital, que está interesada en experimentar as vantaxes

da tecnoloxía 5G e abordar proxectos de transformación dixital relacionados con esta tecnoloxía, comprometéndose a participar nos casos de uso que se detallan no presente convenio de colaboración no marco da competencia municipal recollida no artigo 25.2.ñ da LBRL.

VII. Que, polo anteriormente exposto, as Partes están interesadas en colaborar de forma conxunta no desenvolvemento e a realización de experiencias piloto da tecnoloxía 5G dentro do marco da concesión de subvencións a proxectos piloto de tecnoloxía 5G convocada por Red.es.

Na súa virtude, as Partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua e plena capacidade para obrigarse de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

1. **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

1.1. Constitúe o obxecto do presente convenio de colaboración definir o compromiso do USUARIO de participar en determinados casos de uso dos que VODAFONE (de maneira individual ou en UTE con outras empresas) propón no marco da convocatoria da Orde ECE/1016/2018, de 28 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións a proxectos piloto de tecnoloxía 5G (en diante Orde ECE/1017/2018), para dar estrito cumprimento ao establecido no seu artigo 3, isto é:

> "En particular, os usuarios dos casos de uso propostos deberán integrarse, obrigatoriamente, no conxunto de axentes, non sendo tomada en consideración ningunha proposta que non incorpore o compromiso de participación dos usuarios"

1.2. O USUARIO comprométese a participar activamente e a traballar conxunta e lealmente con VODAFONE ou coa UTE que, no seu caso constitúa VODAFONE con outras empresas para este Proxecto, no desenvolvemento dos casos de uso que se detallan a continuación, para a participación de VODAFONE (de maneira individual ou en UTE con outras empresas) no procedemento de concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos piloto de tecnoloxías 5G, convocado por Red.es e cuxas bases reguladoras se establecen na Orde ECE/1016/2018.

1.3. Os casos de uso que constitúen o obxecto do presente convenio de colaboración, nos cales o USUARIO dos casos de uso adquire un compromiso expreso a participar, son os seguintes:

- Promoción das Illas Cíes, obxectivo patrimonio da humanidade UNESCO, mediante dispositivos de realidade aumentada en eventos, escolas,…
- Uso do 5G no proxecto de coche autónomo na cidade de Vigo en colaboración co CTAG
- Retransmisión en directo por Internet dos principais eventos deportivos da cidade
- Uso do 5G en liñas de transporte público para ofrecer novos servizos como o WIFI de alta velocidade e sistemas en tempo real (estado do firme, contaminación,...)

- Axuda aos sistemas de seguridade e emerxencias da cidade mediante cámaras de seguridade móbiles, con sistemas de análise en tempo real, para grandes eventos e uso drons para situacións de emerxencia.

1.4. A finalidade do desenvolvemento destes casos de usos é a acreditación dalgunha das melloras achegadas polo 5G, e descritas nas bases reguladoras da concesión da subvención, isto é: (i) banda ancha móbil de moi alta velocidade e capacidade, (ii) comunicacións ultrafiables e de baixa latencia e (iii) comunicacións masivas máquina a máquina.

1.5. As Partes non entran en ningún acordo de asociación permanente, nin se produce alteración algunha na personalidade xurídica de cada unha delas; nada do aquí pactado poderá interpretarse como unha limitación das facultades ou dereitos das Partes para levar o resto das súas actividades de forma independente e no seu exclusivo beneficio.

1.6. O compromiso de participación do Concello de Vigo enténdese sen prexuízo das licenzas, autorizacións ou permisos que foran preceptivos de conformidade coa lexislación aplicable.

## 2. BASES DO CONVENIO DE COLABORACIÓN “VODAFONE- USUARIO”

O presente convenio de colaboración susténtase nas seguintes bases:

2.1. O USUARIO dos casos de uso comprométese a participar activamente no proxecto de conformidade co establecido na cláusula anterior con VODAFONE ou coa UTE que no seu caso se constitúa.

2.2. As Partes comprométense a colaborar en relación con cada un dos casos de uso obxecto do presente convenio.

2.3. As Partes realizarán os seus mellores esforzos para levar a cabo a execución do Proxecto, así como para cumprir fielmente e de conformidade coas esixencias das Bases e demais documentación do Proxecto, as tarefas que en relación con leste correspóndanlles.

## 3. REPARTICIÓN DE ACTIVIDADES

As Partes acordan que tanto para a solicitude de participación na subvención, como en caso de resultar beneficiarios, para a execución do proxecto piloto, as funcións a realizar repartiranse de acordo ao seguinte:

1. VODAFONE prestará o servizo conforme descríbese nos casos de uso detallados na memoria técnica achegada a Rede.é.
2. O USUARIO dos casos de uso porá a disposición do Proxecto os medios necesarios, sen que supoña un compromiso de gasto económico, para o correcto desenvolvemento dos seguintes casos de uso:
    - Promoción das Illas Cíes, obxectivo patrimonio da humanidade UNESCO, mediante dispositivos de realidade aumentada en eventos, escolas,…
    - Uso do 5G no proxecto de coche autónomo na cidade de Vigo en colaboración co CTAG
    - Retransmisión en directo por Internet dos principais eventos deportivos da cidade

- Uso do 5G en liñas de transporte público para ofrecer novos servizos como o WIFI de alta velocidade e sistemas en tempo real (estado do firme, contaminación,...)
- Axuda aos sistemas de seguridade e emerxencias da cidade mediante cámaras de seguridade móbiles, con sistemas de análise en tempo real, para grandes eventos e uso drons para situacións de emerxencia.

As Partes terán a obrigación de facilitarse todos os datos, información e cooperación que se requiran para a preparación de solicitude de participación, realización dos seus traballos e a correcta execución do Proxecto prestando especial atención ás obrigacións de confidencialidade establecidas na cláusula 5 do presente convenio de colaboración.

## 4. RESPONSABILIDADE

4.1. Cada unha das Partes asumirá fronte á outra, de forma individual e exclusiva, a responsabilidade da totalidade das tarefas e traballos que lle sexan asignados na execución do Proxecto.

## 5. INFORMACIÓN CONFIDENCIAL

5.1. Se durante a vixencia deste convenio de colaboración, calquera das Partes facilitase á outra información que teña carácter de confidencial, exclusiva ou secreta, (en diante Información Confidencial) en cuxo concepto quedan incluídos catálogos, folletos, informes, informacións, planos, especificacións e know-how seus ou dos seus subcontratistas, que teñan tal carácter, as outras Partes non a utilizará máis que para os fins do presente Acordo, manterana como confidencial e protexerana contra a súa divulgación coma se fose información confidencial propia, quedando entendido que segue sendo exclusiva propiedade da Parte que a facilitou.

5.2. As obrigacións asumidas en virtude desta cláusula, continuarán en vigor durante dous anos a contar desde a expiración do presente convenio de colaboración, pero non se aplicarán a aquela información que:

i. Sexa de dominio público no momento de recibila;

ii. Deveña de dominio público en calquera forma que non sexa por divulgación da Parte que a recibiron;

iii. Estea legalmente en poder dunha das partes antes de que a outra lla facilite;

iv. Fora obtida legalmente de terceiros que non foran, á súa vez, incumprido a obrigación fronte á parte que a forneza de non divulgala.

v. Deba difundirse publicamente en cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde ECE/1016/2018.

## 6. PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL

6.1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial que cada Parte achegue baixo o presente Acordo corresponderá á Parte que a achegue.

6.2. Ningunha das Partes cede ou transmite, ás outras Partes, mediante o presente Acordo a titularidade de ningún dereito de propiedade, incluíndo de maneira enunciativa, pero non limitativa, ningún programa de computador, patente ou outros dereitos de propiedade intelectual ou industrial; dereitos que permanecen baixo a titularidade do seu lexítimo propietario.

6.3. En caso de desenvolvementos que se produzan na execución do Proxecto, as Partes acordan que a propiedade intelectual e/ou industrial á que puidese dar lugar será da empresa que o desenvolva.

6.4. O arriba disposto fíxase sen prexuízo dos dereitos que nesta materia, contractualmente poidan corresponderlle ao Cliente na execución do Proxecto.

7. **DURACIÓN**

7.1. O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa firma polos representantes das Partes e manterá a súa vixencia ata o final da execución do Proxecto, que non poderá ser superior a trinta meses desde a Resolución da concesión, de conformidade co establecido nas bases reguladoras.

7.2. Non obstante o anterior, o presente convenio de colaboración poderase resolver de forma anticipada polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, polas seguintes:

i. Por mutuo acordo das Partes

ii. Pola non obtención por Vodafone da subvención no procedemento de concesión de subvencións para o desenvolvemento de proxectos piloto de tecnoloxías 5G, convocado por Rede.é e cuxas bases reguladoras se establecen na Orde ECE/1016/2018.

iii. Por incumprimento grave das obrigas de calquera das partes dos termos do presente convenio de colaboración. Neste suposto, poderase solicitar a subsanación do incumprimento dentro dun prazo de 5 días. Se o incumprimento non se emendase dentro de devandito prazo ou non se acordase un plan correctivo para a subsanación dentro do mesmo, procederá á resolución

7.3. Non obstante a terminación do presente Acordo, as obrigacións de confidencialidade manteranse vixentes ata transcorridos dous anos a contar desde a expiración do presente Acordo.

8. **RELACIÓNS ENTRE AS PARTES**

8.1. As Partes actúan como partes independentes e nada neste Acordo debe entenderse ou supor que as Partes, os seus empregados ou representantes: (i) son axentes da outra Parte; (ii) estableceron ou constituíron calquera tipo de sociedade; (iii) teñen autorización para adquirir compromisos ou dar garantías en nome e representación das outras Partes, sen previa autorización por escrito.

8.2. No caso de que algunha das estipulacións deste convenio de colaboración pasen a ser inválidas, ilegais ou inexecutables en virtude dalgunha norma xurídica ou a consecuencia da contratación do Proxecto, consideraranse ineficaces na medida que corresponda, pero no demais, este convenio de colaboración conservará a súa validez.

As Partes acordan substituír a estipulación ou estipulacións afectadas por outra ou outras que teñan os efectos económicos máis semellantes aos das substituídas.

8.3. Cada Parte designa ás seguintes persoas que conformarán unha comisión de seguimento, vixilancia e control, e resolverá as dúbidas de interpretación e cumprimento que poidan prantexarse. Ditas persoas poderán ser substituídas previa comunicación por escrito ás outras Partes.

VODAFONE:.

- Jesús Sueiro Pena- Acount Director de Administracións Publicas de Vodafone España.
- Manuel Caballero –Bid Manager Administracións Públicas de Vodafone España.

Concello de Vigo:

- Francisco Javier Pardo Espiñeira – 2º Tenente de Alcalde e concelleiro de Administración Electrónica, Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio, Fomento. Limpeza e Contratación.
- Antonio Villanueva Guimeráns – Xefe do Servizo de Administración Electrónica
- Javier Albertos Benayas – Responsable de Modernización e Innovación do Servizo de Administración Electrónica

## 9. CESIÓN

Os dereitos e obrigacións do USUARIO neste convenio de colaboración, e, en xeral, a súa posición xurídica, só será transmisible a terceiras persoas previa autorización por escrito de VODAFONE.

No caso de que VODAFONE concorra ao proceso convocado a través da súa participación nunha UTE, no caso de que esta resultar beneficiaria da concesión, VODAFONE poderá ceder a súa posición contractual e, por tanto, os dereitos e obrigacións derivados do presente convenio de colaboración, á UTE que no seu caso se constitúa para ese efecto, sen que resulte necesaria aceptación do USUARIO da devandita cesión.

## 10. LEI APLICABLE E XURISDICIÓN

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo e polo tanto rexerase pola lexislación administrativa.

As Partes con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense para a resolución de cantas controversias poidan xurdir en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio de colaboración, á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Madrid capital.

E para que conste, e en proba de conformidade e a un só efecto asinan por duplicado o presente Acordo, no lugar e data indicados no encabezamento

**3(1433).- CLASIFICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DO PORTAFIRMAS DIXITAL CORPORATIVO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8622/113.**

Dáse conta da proposta do 10/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | IMATIA INNOVATION, S.L. | 100 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

4. Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**4(1434).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS PARA O MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO MULTIMEDIA DO AUDITORIO DE TEIS E SERVIZO TÉCNICO DE EVENTOS. EXPTE. 8057/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

<u>**LEXISLACIÓN APLICABLE**</u>

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

<u>**ANTECEDENTES**</u>

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”:

| **Empresas licitadoras** | **Puntuación total** |
|---|---|
| APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L. | 97,75 |
| EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. | 59,49 |

- Lote 2 “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos”:

| **Empresas licitadoras** | **Puntuación total** |
|---|---|
| APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L. | 92,37 |
| EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. | 60,04 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP)

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (agás a escritura de constitución e a solvencia técnica por ter presentado a documentación acreditativa no Sobre A).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., o día 21 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 30 de novembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante nos dous lotes é a formulada por APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 19 de outubro e 5 de novembro de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> "Adxudicar a APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320):
>
> 1. Lote 1 "Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis", por un prezo total de 40.075,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.027,00 euros e cun tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.
> 2. Lote 2 "Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos", por un prezo total de 34.727,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.955,20 euros e coas seguintes condicións:

a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:
    - Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)
    - Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)

b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1435).- POPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA UNIDADE DE DESHUMECTACIÓN DE AIRE NA INSTALACIÓN ACUÁTICA "PISCINA MUNICIPAL DE TEIS" PARA SUBSTITUCIÓN DA UNIDADE EXISTENTE POR FINALIZACIÓN DA VIDA ÚTIL.EXPTE. 2396/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 07/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 05/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática "piscina municipal de Teis" para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación

acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611)

ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática “piscina municipal de Teis” para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | TERMOCALOR VIGO, S.L. | 100 |
| 2 | MEDANCLI, S.L | 43,78 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TERMOCALOR VIGO, S.L., o día 21 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida 4 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TERMOCALOR VIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TERMOCALOR VIGO, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliables a través de fórmula de data 8 de novembro de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> "Adxudicar a TERMOCALOR VIGO, S.L. o procedemento aberto simplificado do subministro dunha unidade de deshumectación de aire na instalación acuática "piscina municipal de Teis" para substitución da unidade existente por finalización da vida útil (2.396-611) por un prezo total de 60.829,49 euros, sendo o importe do IVE de 10.557,18 euros e cun incremento do prazo mínimo de garantía de 36 meses (total 60 meses).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 6(1436).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCIÓN DE CINCO CARROZAS PARA CABALGATA DE REIS 2019. EXPTE. 7644/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 10/12/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335) na seguinte orde descendente

| | **Licitador** | **Puntuación total** |
|---|---|---|
| 1 | CARROFESTA, S.L. | 90 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 30 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de decembro de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 10 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 26 de novembro de 2018 e o acordo adoptado pola Mesa na sesión do 29 de novembro.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> "Adxudicar a CARROFESTA, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335) coas seguintes condicións:
>
> a) O prezo total do contrato é de 60.016'00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.416'00 euros.
>
> b) A oferta inclúe a cubrición e decoración artística das cabezas tractoras con bosquexo.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1437).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAIS XESTIONADOS POLO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 13493/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 07/12/18, e o informe de fiscalización do 10/12/18, dáse conta do informe-proposta de 04/12/18, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro- delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.-Ao abeiro do previsto na Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2.014/23/UE e 2.014/24/UE (LCSP), asinouse en data 30/11/18 Informe de necesidade e idoneidade polo Xefe da Unidade de mantemento de Vias Municipais e o Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario. Tal e como se refire nos antecedentes do Informe, en data 11 de xaneiro de 2019 finaliza a segunda prórroga do contrato de subministro de combustibles coa Compañía Española de Petróleos, SAU (CEPSA), (expte. 10403/445), aprobada en data 21 de decembro de 2017 pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria.

2.-A Xunta de Goberno Local dada a devandita finalización, aprobou en data 31 de agosto de 2.018 o expediente para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais do Parque Móbil (expte. 13050/445).

3.-Na sesión extraordinaria e urxente de 4 de outubro de 2.018, a Xunta de Goberno Local acordou declarar deserto o “procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal” (13.050-445) por non ter presentado o único licitador admitido a súa oferta económica”, segundo a proposta realizada pola Mesa de Contratación, a cal na sesión de data 1 de outubro de 2.018 e tras a apertura de sobre C do único licitador presentado e admitido no procedemento, comprobou a non presentación da documentación esixida no PCAP na cláusula 14.2.c e no apartado 6B do Anexo I.

-Como consecuencia da devandita declaración de deserto tramitouse novo procedemento aberto de subministro de combustible con tramitación urxente, que se seguiu co número de expediente 13397/445. Na sesión extraordinaria e urxente de 29 de novembro de 2.018, a Xunta de Goberno Local acordou *“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal (13.397-445) por non ter presentado o único licitador admitido a súa oferta económica”,* todo segundo a proposta

realizada pola Mesa de Contratación en data 29 de novembro de 2.018, a cal tras a apertura de sobre C do único licitador presentado e admitido no procedemento, comprobou e comprobou que o licitador non presentou a documentación esixida no PCAP na cláusula 14.2c e no apartado 6B do Anexo I, isto é a súa oferta económica, polo que acordou excluílo do procedemento.

4.-Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse a medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato o subministro de combustibles a través de estacións de servizo de gasóleo A (B7) e gasolina/95 (E5) destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados.

5.-En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación a medio de Decreto de data 30/11/18.

6.-Informase na Memoria xustificativa sobre a procedencia da tramitación de urxencia do presente procedemento por entender que concorren no presente suposto os requisitos de carácter obxectivo preceptivos para a aplicación da referida urxencia e establecidos no artigo 119 da LCSP; tanto por constituír unha necesidade inaprazable como é a pronta disposición de combustible para o correcto funcionamento dos diferentes servizos, (principalmente os destinados as situacións de emerxencia) como pola existencia dun límite temporal establecido dada a proximidade da data de finalización do contrato vixente. Por outra banda concorren, do mesmo xeito razóns de orde público que fan necesario acelerar a adxudicación.

7.- O orzamento municipal definitivamente aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2.017 contempla na aplicación orzamentaria “9202.2210300-Combustible e carburantes”.

Trátase dun suposto de tramitación anticipada dos previstos no artigo 117.2 LCSP e carácter plurianual, motivo polo cal a adxudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios correspondentes de conformidade co disposto na Disposición Adicional Terceira, apartado 2 da LCSP.

7.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 30/11/18 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vias e o Xefe do Servizo administrativo e Control orzamentario.

b).- Decreto do segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado das Áreas de Fomento, Limpeza e Contratación de data 30/11/18, acordando “iniciar o expediente para a contratación do subministro na súa modalidade de adquisición de combustibles a través de estacións de servizo, de gasóleo A(B7) e gasolina/95(E5), destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, xestionados polo Parque Móbil”.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais, en data 3/12/18.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada en data 3/12/18 polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais; e conformada polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza en data 3/12/18 .

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de contratación de data 4/12/18.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 4/12/18.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 116.1 LCSP establece que a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda, apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público, nos Municipios de Gran Poboación as competencias do órgano de contratación exerceranse pola Xunta de Goberno Local, calquera que sexa o importe do contrato ou a duración do mesmo.

En virtude da Resolución de data 19 de xuño de 2.015, acordouse a delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local, acordándose na mesma data a delegación da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros delegados de Área, delegando a competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas de competencia. A referida Resolución de 9 de xuño de 2.015, foi modificada por Resolución de Alcaldía de 9 de xullo de 2.018.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** O expediente xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP; así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación urxente (artigo 119 LCSP) así

como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.**- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional Tercera.8 da LCSP e Disposición Adicional oitava.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional Segunda apartado 4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para a contratación do subministro de combustibles a través de estacións de servizo, de gasóleo A(B7) e gasolina/95(E5), destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, xestionados polo Parque Móbil",

**Segundo.-** Aprobar o presente expediente de contratación para a contratación do subministro de combustibles a través de estacións de servizo, de gasóleo A(B7) e gasolina/95(E5), destinado á flota de vehículos de titularidade municipal e autorizados, xestionados polo Parque Móbil", que se seguirá a través do procedemento aberto e tramitación urxente.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vias e o Xefe da Área de Inversións-Área Servizos xerais, en data 3/12/18.

**Cuarto-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 4/12/18.

**Quinto.-** Autorizar o gasto o cal ascende a un máximo de **OITOCENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS VINTE EUROS (824.620 €)** (IVE engadido ao tipo actual do 21%), sendo a partida do IVE de **CENTO CORENTA E TRES MIL CENTO QUINCE EUROS E OITENTA E SETE CÉNTIMOS (143.115,87 €)**..

Por ter tratarse dun gasto anticipado e ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 9202.221030-Combustible e carburantes, e segundo a seguinte distribución por anualidades:

| **Anualidade** | **con IVE** | **sen IVE** | **IVE** |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2019- de 12/01/2019 a 31/12/2019 | 398.754,60€ | 329.549.25€ | 69.205,35€ |
| 2.020 | 412.310,00€ | 340.752,06€ | 71.557,94€ |
| 1/01/2021 a 12/01/2.022 | 13.555,40€ | 11.202,81€ | 2.352,59€ |

**Sexto.-** Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 8(1438).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE OFICIAL CARPINTEIRO (OEP 2013) POLA NECESIDADE DE EFECTIVOS. EXPTE. 33045/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 28/11/18, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25/11/2016, aprobou as bases xerais reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2013 (publicadas no DOG nº 20 de 30/01/2017), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 28450/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 29737/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Concello de Vigo

Rematado o proceso selectivo de Oficial Carpinteiro, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 654,78 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. núm. Persoal 76266, presidente titular, con DNI *****543-L, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

Dª. núm. Persoal 83597, secretaria titular, con DNI nº *****447-G, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

D. núm. Persoal 69960, vogal do órgano de selección, con DNI nº *****945-P, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €

D. núm. Persoal 76674, vogal do órgano de selección, con DNI nº *****361-H, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €

D. núm. Persoal 81775, vogal do órgano de selección, con DNI nº *****826-H, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €

Dª. núm. Persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, con DNI *****363-Y, unha asistencia de 39,78 €. importa un total de 39,78€.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para para a provisión en propiedade dunha praza de Oficial Carpinteiro correspondente á OEP 2013 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"Compromete-lo gasto de 654,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. núm. Persoal 76266, presidente titular, con DNI *****543-L, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

Dª. núm. Persoal 83597, secretaria titular, con DNI nº *****447-G, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

D. núm. Persoal 69960, vogal do órgano de selección, con DNI nº *****945-P, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €

D. núm. Persoal 76674, vogal do órgano de selección, con DNI nº *****361-H, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €

D. núm. Persoal 81775, vogal do órgano de selección, con DNI nº *****826-H, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €

Dª. núm. Persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, con DNI *****363-Y, unha asistencia de 39,78 €. importa un total de 39,78€."

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 9(1439).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL POLA NECESIDADE DE EFECTIVOS. EXPTE. 33069/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 03/12/18, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30/11/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego de Diplomados en Traballo Social (publicadas no BOP nº 3, de 04/01/2018). Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 30895/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 1.514,56 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

Nº de persoal 23283, presidenta, con DNI nº **.***.452-B, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº de persoal 78248, secretaria, con DNI nº **.***.259-K, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº de persoal 78011, vogal, con DNI nº **.***.637-Y, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

Nº persoal 19028, vogal, con DNI nº **.***.963-Y, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 82987, vogal, con DNI nº **.***.869-J, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 23372, suplente vogal 1ª, con DNI nº **.***.609-Z, unha asistencia de 39,78 € importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº **.***.363-Y, unha asistencia de 39,78 € importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, DNI nº **.***.789-L, unha asistencia de 39,78 € importa un total de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a formación dunha bolsa de emprego de diplomados en traballo social e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**“**Comprometer-lo gasto de 1.514,56 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

Nº de persoal 23283, presidenta, con DNI nº **.***.452-B, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº de persoal 78248, secretaria, con DNI nº **.***.259-K, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº de persoal 78011, vogal, con DNI nº **.***.637-Y, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

Nº persoal 19028, vogal, con DNI nº **.***.963-Y, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 82987, vogal, con DNI nº **.***.869-J, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 23372, suplente vogal 1ª, con DNI nº **.***.609-Z, unha asistencia de 39,78 € importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, con DNI nº **.***.363-Y, unha asistencia de 39,78 € importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 16283, asistencia técnico-administrativa, DNI nº **.***.789-L, unha asistencia de 39,78 € importa un total de 39,78 €."

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(1440).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE OFICIAIS CONDUTORES 2018. EXPTE. 33075/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/12/18, dáse conta do informe-proposta de data 03/12/18, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a técnica de administración Xeral da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25/01/2018, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de emprego de Oficiais Conductores (publicadas no BOP nº 42, de 28/02/2018). Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 31121/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 1.474,78 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

Nº de persoal 16283, presidente, con DNI nº **.***.789-L, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº de persoal 15148, secretaria, con DNI nº **.***.191-G, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº persoal 80679, vogal, con DNI nº **.***.420-T, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 80495, vogal , DNI nº **.***.842-Q, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 15272, vogal, DNI nº **.***.654-N, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.

Nº persoal 14930, vogal suplente, DNI nº **.***.884-T, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 23840, técnica de normalización lingüística, DNI nº **.***.893-R, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, DNI nº **.***.363-Y, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

Nº persoal 22390, do servizo de administración eletrónica, DNI nº **.***.674-M, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a formación dunha bolsa de emprego de oficiais condutores e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"Comprometе-lo gasto de 1.474,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

Nº de persoal 16283, presidente, con DNI nº **.***.789-L, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº de persoal 15148, secretaria, con DNI nº **.***.191-G, sete asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 299,81 €.

Nº persoal 80679, vogal, con DNI nº **.***.420-T, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 80495, vogal , DNI nº **.***.842-Q, sete asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 278,46 €.

Nº persoal 15272, vogal, DNI nº **.***.654-N, tres asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 119,34 €.

Nº persoal 14930, vogal suplente, DNI nº **.***.884-T, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 23840, técnica de normalización lingüística, DNI nº **.***.893-R, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €.

Nº persoal 82190, asistencia técnico-administrativa, DNI nº **.***.363-Y, dúas asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 79,56 €.

Nº persoal 22390, do servizo de administración eletrónica, DNI nº **.***.674-M, unha asistencia de 39,78 € cada unha, importa un total de 39,78 €."

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1441).- CRITERIOS PARA O OUTORGAMENTO DE PRODUTIVIDADE DE PERSOAL DA POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE AOS MESES MESES DE XUÑO A SETEMBRO DO 2018. EXPTE. 33106/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a técnica de administración Xeral da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Mediante Instrución de servizo do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal ordease que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo para o aboamento dun complemento de produtividade polo especial rendemento prestado no ano 2018 polo persoal do servizos da Policía Local, previa emisión dos correspondentes informes acreditativos que pola xefatura do servizo indicado se emitan, así como dos preceptivos informes ao respecto.-

En data 05/12/2018 recíbense nesta Area petición efectuada en informe asinado en data 04/12/2018, da xefatura do servizo da Policía Local conformado polo Concelleiro-Delegado da Area ( Expte. 62118--212), na que se solicita un complemento de produtividade para un total de 329 funcionarios do servizo baseada na súa especial adicación e profesionalidade demostrada no período xuño-setembro de 2018, tendo en conta a minoración no número de funcionarios no período sinalado dun 40%, así como o incremento no número de intervencións policiais, tanto desde o punto de vista da labor proactiva na prevención sobre a seguridade viaria, seguridade cidadá, cumprimento das ordenanzas municipais, etc, coma no número de intervencións a requirimento dos cidadáns.

No informe asinado polo Intendente da Policía Local, sinalase o esforzo que esta a realizar este servizo para levar a cabo as súas funcións , toda vez que no período xuño-setembro 2018 atopábanse 75 postos vacantes, dunha plantilla de 403 efectivos. Amais a coincidencia cos períodos vacacionais do persoal, as baixas por IT e accidentes laborais e permisos oficiais fan que a falla de efectivos se vexa incrementada.

Deste xeito faise necesaria a modificación de quendas de traballo, horarios, descansos etc, para dar cobertura satisfactoria as demandas de servizos que se producen neste período .

No devandito informe recóllenese os actos relixiosos, eventos deportivos , culturais e festivos nos que se prestaron servizos así como as visitas de cruceiros e a presencia en conflitos sociais e laborais que tiveron lugar no período xuño-setembro 2018.

Por outra banda, realizáronse, entre outras , diversas campañas de tráfico (Carga e descarga, uso do cinto de seguridade, alcohol e drogas, control de velocidade, actividades de caza e pesca, control de vertidos, etc.

A realización das campañas en materia de trafico viñeron a supoñer unha redución dos accidentes de trafico, reducíndose así mesmo o numero de falecidos, de feridos graves e leves e o numero de atropelos.

No punto nove do informe inclúese unha táboa na que se recollen o numero de intervencións levadas a cabo no ano 2018 por parte do persoal do Corpo da Policía Local, da que se deduce que , na tempada estival, aínda que se conta con menos efectivos polas razóns anteriormente sinaladas, realizase un maior de actuacións policiais.

Este incremento do volume de traballo durante a súa xornada de traballo fixeron que o rendemento do persoal fora extraordinario, amosando unha dispoñibilidade en todo momento é realizando unha aportación moi superior ás esixencias normais do desempeño dos postos policiais, destacando a iniciativa e interese co que os funcionarios para os que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade levan a cabo estas tarefas.

Para a cuantificación económica a percibir por cada funcionario policial contido no anexo contido no expediente 62118-212, tómase como referencia obxectiva o importe da hora extraordinaria por xornada realizada por cada funcionario, atendendo ás diferentes categorías profesionais. Estímase que non é de aplicación os recargos que puideran corresponder por nocturnidade, domingos e festivos, ao non poder obxectivizar que a carga de traballo fora superior nos días e franxas horarias onde habería que aplicar ditos recargos, obxecto da presente proposta.

O importe tomado como referencia según as categorías profesionais e por xornada son os seguintes:

| **CATEGORÍA** | **IMPORTE XORNADA** |
|---|---|
| Intendentes | 28,32 € |
| Inspector Principais | 15,09 € |
| Inspectores | 14,89 € |
| Oficiais | 11,72 € |
| Policías | 11,27 € |

Todo o persoal que se relaciona no anexo atopábase de servizo activo no período proposto para o aboamento do complemento de produtividade.

O importe total do complemento de produtividade proposto supón un total de 168.572,27 €.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na vixente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

–A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

–En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Especificamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta

de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 establecen que :

Con cargo ó Complemento de Produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que desempeñan as súas funcións.

O outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:

–Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo

–Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.

Correspóndelle o Pleno da Corporación, trala negociación coa Mesa Xeral, determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade, sendo competente para a súa asignación individualizada a Xunta de Goberno Local; do acordo que se adopte polo dito órgano municipal deberá darse conta comunicarse aos representantes sindicais e aos funcionarios da Corporación.

A Xunta de Goberno Local establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volume de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal, e formalmente encomendadas polo órgano competente.
- Rendemento extraordinario do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.
- Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente.

Por outra banda, as **necesidades en canto a persoal manifestadas** nos informes de dito servizo pódense minorar co incremento da plantilla, en aplicación do establecido no artigo 19 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, que contempla que:

"Artículo 19. Oferta de Empleo Público u otro instrumento similar de gestión de la provisión de necesidades de personal.

Uno. 1. La incorporación de nuevo personal en el sector público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas y entidades públicas empresariales, fundaciones del sector público y consorcios participados mayoritariamente por las Administraciones y Organismos que integran el Sector Público, que se regirán por lo

dispuesto en las disposiciones adicionales vigésima séptima, vigésima octava y vigésima novena respectivamente, de esta Ley y de los Órganos Constitucionales del Estado, estará sujeta a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes.

Se exceptúa de lo dispuesto en el párrafo anterior la incorporación de personal que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de los procesos de selección y reclutamiento para la cobertura de las plantillas de militares de Tropa y Marinería profesional fijadas en la disposición adicional décima novena.

En todo caso, la oferta deberá atenerse a las disponibilidades presupuestarias del capítulo I del presupuesto de gastos.

2. Las Administraciones Públicas que en el ejercicio anterior hayan cumplido los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública y la regla de gasto, tendrán una tasa de reposición del 100 por cien. Adicionalmente, podrán disponer de una tasa del 8 por ciento destinada a aquellos ámbitos o sectores que requieran un refuerzo de efectivos, siempre dentro del marco de la estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Este porcentaje adicional se utilizará preferentemente cuando se dé, entre otras, alguna de las siguientes circunstancias: establecimiento de nuevos servicios públicos, incremento de actividad estacional por la actividad turística o alto volumen de jubilaciones esperadas. Para las entidades locales, los límites de deuda serán los que fijen las Leyes de Presupuestos Generales del Estado o la legislación reguladora de las haciendas locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.

El porcentaje de tasa adicional será del 10 por ciento para las entidades locales que, además de los requisitos anteriores, tuvieran amortizada su deuda financiera a 31 de diciembre del ejercicio anterior.

/..../

5. Para las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, Cuerpos de Policía Autonómica y Policías Locales la tasa de reposición será del 115 por ciento."

O incremento do número de efectivos en plantilla permitiría reorganizar a prestación do servizo de tal manera que nos supostos de puntas de traballo ou incremento puntual das necesidades de efectivos e/ou demáis imprevistos que podan xenerarse existan efectivos plenamente dispoñibles sen necesidade de acudir a realizacion de exceso de xornada, o cal, dende a estricta perspectiva da garantía da seguridade e saúde laboral contemplada como obriga da Administración Pública – na súa condición de empregadora - na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, sen dúbida renundará na melloría na prestación do servizo.

Os incentivos ao rendemento, ao estar cuantificados en función dun rendemento superior ao normal no traballo e destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeñe o seu traballo, corresponde a sua cuantificacion en atención a ese superior desempeño e ao grado de participación na consecución de resultados sendo un complemento retributivo que depende da forma, eficacia e empeño que cada funcionario mostre no exercicio do seu posto de traballo, tendo carácter personalista e subxectivo e non consolidable individualmente.

Asi, a sua asignación debe realizarse en atención a circunstancias variables, o que implica que non existe dereito ao seu mantemento no tempo e incompatible coa ausencia do posto de traballo, condicións que solo poden darse cando o funcionario preste efectivamente o

seus servizos e o faga a pleno rendemento, factores relacionadas directamente coa presencia do funcionario no seu posto de traballo e o cumprimento das suas prestacions. Cabe salientar a imposibilidade de comprobación si o persoal que figura no listado que se inclue no expediente 62118-212, correspondente ao Servizo da Policia Local disfrutou de vacacions, permisos, etc, datos estes ultimos dos que no se dispón no Servizo de Recursos Humanos, polo que seria necesario a sua comprobacion..

Como **criterio na asignación dos complementos de produtividade propostos a cada un dos** funcionarios que se relacionan no informe utilizase como criterio de asignación do complemento de produtividade o numero de xornadas traballadas no período referenciado e a participación de cada un deles no desempeño das funcións do servizo, realizándose a asignación das cantidades propostas, en función das categorías profesionais dos funcionarios.

Entendese que o orixe das solicitudes de complementos de produtividade para o persoal, basease nas circunstancias coxunturais e excepcionais na prestación dos seus servizos reflexadas nas actuacións levadas a cabo polo persoal proposto do servizo de Policía Local no período xuño-setembro 2018, en canto ao aumento do volume de traballo nas tarefas asignadas aos distintos postos, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que estiveron a desempeñar os funcionarios propostos as súas funcións así como o seu grao de participación no desempeño das funcions assignadas,, son o orixe do especial rendemento dos funcionarios..

**O artigo 25, apartado 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local**, según redacción dada no artigo primeiro da lei **27/2013, 27 dicembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,** atribúen aos concellos o exercicio obrigatorio dunha serie de **competencias propias**, preceptuando que:

“El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

/..../

**f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.**

/.../

j) Protección de la salubridad pública.

/..../

k) Cementerios y actividades funerarias.

Non debe obviarse, dende esta perspectiva, que a Xunta de Goberno Local, en **acordos de data 20/06/2014 e 29/08/2014**, acordou definir como **servizos públicos esenciais**, entre outras categorías de servizos, aqueles que se corresponden coas competencias municipais obrigatorias e servizos mínimos esenciais de necesaria prestación polas Entidades Locais.

Por tanto, enténdese que o sustento legal da procedencia na prestación de servizos está plenamente xustificada dende a óptica do marco legal competencial actualmente vixente; a maiores, está acreditada a efectiva realización dos mesmos por parte das xefaturas

correspondentes, tal e como pode observarse nos informes dos diferentes servizos indicados.

Os devengos obxecto do presente expediente derivan das circunstancias expresadas no informe asinado pola Xefatura do Servizo podendo afirmar que ditos devengos atopan o seu axuste normativo, en canto ao soporte regulamentario dos supostos de devengo, nas vixentes Instruccións sobre plantilla e cadro de persoal orzamentario, anexas á vixente RPT anteriormente transcritas.

Dacordo ao recollido nas Instrucións, calquera produtividade que non teña causa nestas ou no Acordo Regulador vixente, requirirá a previa determinación dos criterios obxectivos de asignación pola Xunta de Goberno Local, a proposta debidamente xustificada da Área ou Servizo correspondente que acredite a necesidade e procedencia da súa aprobación. A asignación individualizada do complemento de produtividade deberá ser sometida a debate da Xunta de Goberno Local unha vez aprobados os criterios citados.

Segundo informe do servizo, proponse pola Xefatura do servizo, responsable da avaliación do rendemento dos efectivos ao seu cargo e o grado de participación de cada un dos funcionarios propostos no desenvolvemento das funcións do servizo, a través da ampliación voluntaria da súa xornada de traballo, a un total de 329 efectivos, eliminándose da proposta aqueles que a data de hoxe non están a prestar os seus servizos neste Concello.

Ditos criterios concrétanse en:

-reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.

-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2013- 2015.

-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo e en cooperación con diferentes termos municipais do entorno.

En identica liña, e dado que a xefatura do servizo toman como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de productividade a aboar o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos, debe indicarse que a dita referencia atopa encadre no previsto no artigo 23 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao prezo do valor hora.

A proposta económica do presente expediente por importe de 168.572,27 € aboaríase con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 “Produtividade” do vixente orzamento..

En consecuencia, por parte da Area de Recursos Humanos e Formación estímase oportuno deixar constancia expresa de que unha eventual proposta de acordo favorable asínase sempre en tanto en canto a mesma respete os límites legais e orzamentarios contidos na normativa invocada e acordos municipais de referencia,

Resulta necesaria a previa e preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se efectúe, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais vixentes; informe nos termos e condicións do cal efectúase calquera eventual proposta de gasto, e que deberá aterse aos límites que se establezan no mesmo. En calquera caso, a

imputación orzamentaria do gasto deberá efectuarse con cargo á aplicación 920.0150.00.00- “Produtividade”.

En consecuencia, e á vista da motivación exposta; sometese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

"**PRIMEIRO**.- Aprobar como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade ao servizos da Policía Local, os criterios que seguidamente se indican:

-reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.

-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2013 - 2018

-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo e en cooperación con diferentes termos municipais do entorno.

**SEGUNDO.-** Aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de productividade a aboar, o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos nos informes das xefaturas dos servizos/unidades, nos termos do previsto no artigo 23 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Notifíquese o presente acordo a, Xefatura do Corpo da Policía Local, Concellerías-delegadas da Área correspondente, Intervención Xeral Municipal, Tesourería aos efectos oportunos”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuizo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 12(1442).- CRITERIOS PARA O OUTORGAMENTO DE PRODUTIVIDADE DE PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, VIGOZOO E CEMITERIOS 2018. EXPTE. 33114/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos

Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Mediante Instrucción de servizo do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, ordenase que pola Area de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo para o aboamento dun complemento de produtividade polo especial rendemento prestado no ano 2018 nos servizos de Cemiterios, Vigozoo e Extinción de Incendios e Salvamento, previa a emisión dos correspondentes informes acreditativos que polas xefaturas dos servizos indicados se emitan, así como a emisión dos preceptivos informes ao respecto.

No Documento nº 180192418, do Servizo de Cemiterios, asinado polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente e conformado pola Concellería da Area, se relacionan 18 empregados municipais con postos de Oficial sepultureiro, adscritos a dito servizo, para os cales se solicita un complemento de produtividade por importe total de 13.665,60 €, baseado na falta de persoal do mesmo (postos vacantes por falecementos, xubilacións, baixas de longa duración, etc.) que conlevou un esforzo e especial adicación do persoal na atención aos oito cemiterios de titularidade municipal (Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamans), ao tratarse de servizos esenciais (art. 26.1 da LBRL), xa que deben prestarse en todo caso, independentemente do número de habitantes dos concellos. Amais o servizo de Prevención de Riscos Laborais informou ao negociado de cemiterios da necesidade de que en cada exhumación, teñen que asistir dous oficiais sepultureiros o que supón que o persoal ten que incrementar as súas tarefas diarias.

En consecuencia tendo en conta as especiais circunstancias que acontecen neste servizo, que ten que ser suplido co esforzo e especial dedicación dos restantes traballadores/as, solicítase en función da súa participación nos meses de xuño a setembro de 2018, tomando como referencia para o cálculo do importe o valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos, unha produtividade para o persoal do servizo de cemiterios.

Tendo en contas tódalas especies circunstancias enunciadas con anterioridade e que teñe que ser suplido co esforzo e especial dedicación dos traballadores, solicítase en función da súa participación, unha produtividade para o persoal do servizo de cemiterios, dacordo ao lista contido no expediente.

En documento Doc 180185757 , asinado polo Director de Réxime Interior de Vigozoo e conformado pola Concelleira Delegada da Area, se relacionan 13 empregados do servizo Vigozoo , con posto de oficiais cuidadores , para os que se solicita un complemento de produtividade, a vista da actividade permanente no mesmo (o coidado do animais que albergan) dada a necesidade de cuidado dos animais que necesitan de atención tódolos días do ano. Amais existe servizos básicos mínimos a diario que hai que cubrir para garantir o bó funcionamento deste servizo. Por outra banda na actualidade catro dos devanditos postos atópanse vacantes, un dos oficiais coidadores permanece de baixa dende xuño de 2016, dous deles teñen o seu posto adaptado polas súas cirscuntancias perticulares, e a mais unha das oficiais coidadores é delegada sindical e fai uso do dereito de horas de traballo para labores sindicais.

Deste xeito, os oficiais coidadores en activo teñen que incrementar as súas tarefas especialmente na xornada de verán na que se incrementa o horario dos visitantes ao parque, polo que se solicita un complemento de produtividade para o persoal relacionado no documento por importe total de 1.352,75 €.

En data 10/12/2018 recíbese nesta Area petición efectuada pola xefatura do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento conformado polo Concelleiro-Delegado da Area (Doc. 180174097), na que se solicita un complemento de produtividade para un total de 103 funcionarios do servizo baseada na falla de persoal e o esforzo e dedicación dos membros do S.E.I.S., prestando servizo non soamente o Concello de Vigo, como é o seu deber, senón atendendo todos aqueles servizos que se orixinan fora do termo municipal e outros organismos como Porto de Vigo, Concello de Redondela, Mos, Porriño, Pazos de Borbén, Nigrán, Gondomar, Santa María de Oia e Baiona.

A proposta de outorgamento de complemento de produtividade ao persoal incluído na relación que se adxunta realizase en función das xornadas traballadas e as saídas efectuadas fora do municipio, no período comprendido entre o 1 de xuño de 2018 ao 30 se setembro de 2018.

Figuran na proposta D. Félix López Landesa, que causou baixa por xubilación en datas 31/10/2018 e que polo tanto na actualidade xa no manteñe vinculo de servizo con este Concello.

O importe total do complemento de produtividade proposto supón un total de 111.171,70 € unha vez descontados os importes propostos para o funcionario mencionado anteriormente.

Polo tanto, estase a falar do outorgamento dun complemento de produtividade a un total de 103 funcionarios pertencentes aos Servizos de Extinción de Incendios adscritos aos postos de Bombeiro, Condutor bombeiro, Cabo, Cabo condutor e Suboficial , Vigo zoo con postos de oficial coidador e Negociado de Cemiterios con postos de oficiais sepultureiros e xefe de equipo, en atención á actividade extraordinaria, especial rendemento e interese co que desempeñaron as súas funcións que permitiron prestar un servizo de calidade, socialmente satisfactorio, a través da protección e maximización dos intereses públicos presentes cuxa tutela ten atribuída este Concello a través dos servizos de Extinción de Incendios e Salvamento Vigozoo e Cemiterios e todo elo durante o período comprendido de xuño setembro ambos inclusive, de 2018.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público (BOE núm. 261 de 31 de Outubro de 2015); norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 13 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Especificamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demáis funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-

Polo tanto ,o complemento de produtividade configurase no ordenamento xurídico como unha remuneración ao especial rendemento, adicación e actividade extraordinaria , non contempladas a través do complemento especifico e ao interese ou iniciativa no desempeño do traballo, non pudendo considerarse como unha retribución complementaria inherente a un posto de traballo.

Así mesmo e en relación aos servizos para os cales se solicita o outorgamento dun complemento de produtividade no presente expediente, deberíase revisarse o pacto de mínimos no servizo de Extinción de Incendios e Salvamento así como a realización dun estudio sobre a organización e estrutura dos servizos, que permita una maior flexibilidade en canto as funcións a desempeñar polos distintos postos, análises dos cuadrantes e sistemas de descanso.

Os incentivos ao rendemento, ao estar cuantificados en función dun rendemento superior ao normal no traballo e destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeñe o seu traballo, corresponde a súa cuantificación en atención a ese superior rendemento e ao grado de participación na consecución de resultados sendo un complemento retributivo que depende da forma,

eficacia e empeño que cada funcionario mostre no exercicio do seu posto de traballo, tendo carácter personalista e subxectivo e non consolidable individualmente. Asi, a súa asignación debe realizarse en atención a circunstancias variables no tempo, o que implica que non existe dereito ao seu mantemento no tempo e incompatible coa ausencia do posto de traballo, condicións que solo poden darse cando o funcionario preste efectivamente o seus servizos e o faga a pleno rendemento, factores relacionadas directamente coa presencia do funcionario no seu posto de traballo e o cumprimento das súas prestacións.

Por outra banda, as vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo contemplan expresamente na Instrución Terceira que:

"Con cargo ao Complemento de Produtividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.

A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das súas competencias, atribuidas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- Aumento de volume de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo organo competente.
- Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.
- Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscripción, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014 , aprobou as "INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a "Modificación puntual das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos derivadas da LRSAL

e lei autonómica 5/2014, do 27 de maio, en canto ao límite de gasto en concepto de produtividade e gratificacións. expte. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2014 e vixentes na actualidade..

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inescusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demáis aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Nas propostas contidas no Doc. 180174097 (Extinción de Incendios e Salvamento), Doc. 180185757 (VIGOZOO) e Doc. 180192418 (Negociado de cemiterios) figuran como criterio na asignación dos complementos de produtividade propostos a cada un dos funcionarios que se relacionan no informe, no caso do servizo de Extinción de Incendios e Salvamento o numero de xornadas traballadas e as saídas efectuadas por cada un dos funcionarios propostos fora do municipio. Así mesmo, nos casos do persoal do negociado de Cemiterios e oficiais coidadores de Vigozoo, o calculo realizase en función da súa participación nas funcións e tarefas a desenvolver en ditas unidades nos meses de xuño a setembro de 2018, tomando como referencia o importe o valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos.

Entendese que o orixe das solicitudes de complementos de produtividade para o persoal, basease nas circunstancias conxunturais e excepcionais na prestación dos seus servizos reflexadas nas actuacións levadas a cabo polo persoal proposto dos servizos de Extinción de Incendios e Salvamento e Cemiterios , no período xuño- setembro 2018, en canto ao aumento do volume de traballo nas tarefas asignadas aos distintos postos, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que estiveron a desempeñar os funcionarios propostos as súas funcións así como o seu grao de participación no desempeño das funcións asignadas a cada un dos servizos, son o orixe do especial rendemento dos funcionarios..

Con respecto a produtividade solicitada para o persoal dos servizos de Extinción de Incendios e Salvamento e Cemiterios, o artigo 25, apartado 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, según redacción dada no artigo primeiro da lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, atribúen aos concellos o exercicio obrigatorio dunha serie de competencias propias, preceptuando que:

“El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

/..../

f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.

/.../

j) Protección de la salubridade pública.

/..../

k) Cementerios y actividades funerarias.

Concello de Vigo

Non debe obviarse, dende esta perspectiva, que a Xunta de Goberno Local, nos anteditos acordos de data 20/06/2014 e 29/08/2014, acordou definir como servizos públicos esenciais, entre outras categorías de servizos, aqueles que se corresponden coas competencias municipais obrigatorias e servizos mínimos esenciais de necesaria prestación polas Entidades Locais. Por tanto, enténdese que o sustento legal da procedencia na prestación de servizos está plenamente xustificada dende a óptica do marco legal competencial actualmente vixente; a maiores, está acreditada a efectiva realización dos mesmos por parte das xefaturas correspondentes, tal e como pode observarse nos informes dos diferentes servizos indicados.

Os devengos obxecto do presente expediente derivan das circunstancias expresadas nos informes asinados polas Xefaturas dos Servizos podendo afirmar que ditos devengos atopan o seu axuste normativo, en canto ao soporte regulamentario dos supostos de devengo, nas vixentes Instruccións sobre plantilla e cadro de persoal orzamentario, anexas á vixente RPT anteriormente transcritas.

Dacordo ao recollido nestas Instrucciones, calquera productividade que non teña causa nestas ou no Acordo Regulador vixente, requerirá a previa determinación dos criterios obxectivos de asignación pola Xunta de Goberno Local, a proposta debidamente xustificada da Área ou Servizo correspondente que acredite a necesidade e procedencia da súa aprobación. A asignación individualizada do complemento de productividade deberá ser sometida a debate da Xunta de Goberno Local unha vez aprobados os criterios citados.

Segundo informes dos servizos que forman parte deste expediente, proponse polas Xefaturas do servizo, responsables da avaliación do rendemento dos efectivos ao seu cargo e o grado de participación de cada un dos funcionarios propostos no desenvolvemento das funcions do servizo, a traves da ampliación voluntaria da sua xornada de traballo, eliminándose da proposta aqueles que a data de hoxe non están a prestar os seus servizos neste Concello.

Ditos criterios concrétanse en:

-reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.

-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2014- 2018.

-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo e en cooperación con diferentes termos municipais do entorno.

En identica liña, e dado que as xefaturas dos servizos toman como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de productividade a aboar o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos, debe indicarse que a dita referencia atopa encadre no previsto no artigo 13 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao prezo do valor hora.

A proposta económica do presente expediente ten un importe máximo de 126.190,05 €, o que aboaríase con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 “Produtividade” do vixente orzamento.

Resulta necesaria a previa e preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se efectúe, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais vixentes; informe nos termos e condicións do cal efectúase calquera eventual proposta de gasto, e que deberá aterse aos límites que se establezan no mesmo. En calquera caso, a imputación orzamentaria do gasto deberá efectuarse con cargo á aplicación 9200.150.00.00- “Produtividade”.

En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO.-** Aprobar como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade aos servizos de Extinción de Incendios e Salvamento, Vigozoo e Cemiterios,os criterios que seguidamente se indican:

-reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.

-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2014 - 2018.

-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo e en cooperación con diferentes termos municipais do entorno.

**SEGUNDO.-** Aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de productividade a aboar, o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos nos informes das xefaturas dos servizos/unidades, nos termos do previsto no artigo 13 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1443).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE MEMBROS DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN E DETERMINACIÓN DE LUGARES E DATAS DE CELEBRACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS**

**DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTES AOS ANOS 2014, 2015 E 2016. EXPTE. 32973/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de decembro de 2014, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 22/12/2015 e no DOG do 24/12/2015).

Así mesmo, en sesión de data 30 de decembro de 2015, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2015 (publicación no BOP do 26/01/2016 e no DOG de 10/02/2016).

Por último, en sesión de data 8 de abril de 2016, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2016 (publicación no BOP do 27/04/2016 e no DOG de 06/05/2016).

En sesión da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2016 modificouse a dita Oferta de Emprego Público 2016 (publicación no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016).

**2.-** As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran as Ofertas de Emprego Público 2014, 2015 e 2016 aprobáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de febreiro de 2018, tendo sido publicadas no BOP do 26/03/2018. Así mesmo publícase unha rectificación de erros nas bases no BOP do 07/06/2018, por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/05/2018. O anuncio breve das bases e a súa rectificación publícase no DOG de 25/06/2018.

**3.-** Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal de data 27/06/2018 (BOE nº 180, do venres 26/07/2018) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas seguintes entre outras:

- Técnico/a de administración xeral rama xurídica (1 praza libre e 1 praza promoción interna).
- Técnico/a de administración xeral rama económica (1 praza libre).
- Técnico/a de xestión ( 1 praza libre e 2 prazas promoción interna).
- Enxeñeiro/a industrial (1 praza libre).
- Enxeñeiro/a camiños, canais e portos (1 praza libre).

- Enxeñeiro/a técnico/a topografía (1 praza libre).
- Técnico/a medio/a sistemas (1 praza promoción interna).
- Técnico/a medio/a relacións laborais (1 praza promoción interna).
- Programador/a informático/a (1 praza libre).
- Alguacil-notificador/a (1 praza promoción interna)

**4.-** Rematado o prazo de presentación de instancias -20 días naturais- o día 17 de agosto do 2018, en data 30/11/2018 pola Concellería-delegada de Xestión Municipal e Persoal, ditouse Instrución para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes.

Así mesmo, procedeuse a verificación documental das solicitudes presentadas, de conformidade coas bases reitoras das convocatorias, con indicación da lista de excluídos en cada unha das prazas convocadas, comprobándose así mesmo que todos/as os membros designados/as en cada un dos órganos de selección, están en posesión de titulación igual ou superior a esixida en cada unha das convocatorias, e pertencen a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual ou superior á esixida para participar en cada un dos procesos selectivos, contando con carácter xeral, todos eles coa especialidade técnica requirida para a mesma, nos termos recollidos nos informes técnicos de data 30/11/2018 anexados ao expediente.

En consecuencia, procede elevar ao órgano competente proposta de aprobación dos referidos aspectos.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

“Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén”.

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

a) O persoal de elección ou de designación política.

b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.

c) O persoal eventual.

d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.

7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.”

**II.-** O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

**III.-** Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, xa contemplaba no seu artigo 127.1, apartado h) que a composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.

En consecuencia, visto o recollido na Base 7ª das Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2014-2015-2016 en canto á competencia da Xunta de Goberno Local, e considerando igualmente o disposto no artigo 127 citado anteriormente, proponse ao dito órgano a adopción do seguinte **ACORDO**:

**“Primeiro.-** Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas contidas nas Ofertas de Emprego público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016: Técnico/a de administración xeral rama xurídica (1 praza libre e 1 praza promoción interna), técnico/a de administración xeral rama económica (1 praza libre), técnico/a de xestión ( 1 praza libre e 2 prazas promoción interna), enxeñeiro/a industrial (1 praza libre), enxeñeiro/a camiños, canais e portos (1 praza libre), enxeñeiro/a técnico/a topografía (1 praza libre), técnico/a medio/a sistemas (1 praza promoción interna), técnico/a medio/a relacións laborais (1 praza promoción interna), programador/a informático/a (1 praza libre), alguacil-notificador/a (1 praza promoción interna), e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos dos informes emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos en data 30/11/2018 e polos motivos indicados co código correspondente:

**TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

**RAMA XURÍDICA**

**QUENDA LIBRE**

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| MARTÍNEZ SÁNCHEZ | M | ******027Y | EXCLUÍDO/A (2) |

**TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

**RAMA ECONÓMICA**

**QUENDA LIBRE**

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| LISTA CABRAL | MC | ******594A | EXCLUÍDO/A (2) |

**TÉCNICO/A DE XESTIÓN**

**QUENDA LIBRE**

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| MARTÍNEZ SÁNCHEZ | M | ******027Y | EXCLUÍDO/A (2) |
| PAPIRI VILLANUEVA | LE | ******879J | EXCLUÍDO/A (1) |

**TÉCNICO/A DE XESTIÓN**

**PROMOCIÓN INTERNA**

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| ABALDE COMESAÑA | R | ******474W | EXCLUÍDO/A (3) |

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| COELLO DÍAZ | F | ******550Y | EXCLUÍDO/A (3) |
| EGUÍA OLLER | R | ******172C | EXCLUÍDO/A (3) |
| MOSQUERA GONZÁLEZ | A | ******127E | EXCLUÍDO/A (3) |

**ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS**

**QUENDA LIBRE**

| APELIDOS | NOME | DNI | OBSERVACIÓNS |
|---|---|---|---|
| PÉREZ RODRÍGUEZ | AC | ******095Z | EXCLUÍDO/A (2) |

**CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS**

(1) Por falta de sinatura da solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.

(2) Por non acreditación da identidade mediante copia simple do DNI/NIE con plena vixencia.

(3) Por non presentar orixinal ou copia compulsada do título esixido para o acceso á praza (Base Cuarta das Xerais).

**Segundo.-** De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións, os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de emenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros dos órganos de selección de **10 días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia; emenda que deberá realizarse inescusablemente mediante a presentación da documentación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas demais formas que determina o artigo 16 da citada Lei, no modelo de solicitude que figura como anexo ao presente acordo, advertíndoselle que de non facelo serán declarados definitivamente excluídos.

Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.-** Dar conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes, efectuada polo Concelleiro-delegada de Área de Xestión Municipal e Persoal, contida en Instrución de data 30/11/2018, acordando que os órganos de selección quedarán integrados polos seguintes membros:

**Presidente.-**

**Técnico/a de Administración Xeral rama xurídica:** Titular: Dª. María José Loureiro Bada, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Secundino Otero Faílde, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Técnico/a de Administración Xeral rama económica:** Titular: Dª. Mª Jesús Magdalena Vila, Directora de ingresos do Concello de Vigo. Suplente: D.ª Mª José Pazos Area, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Técnico/a de xestión:** Titular: D. Óscar Couce Senra, Técnico de Xestión do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Sonia Estrada Ibáñez, Técnica de avaliación e formación de recursos humanos do Concello de Vigo.

**Enxeñeiro/a industrial:** Titular: Dª. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Dª. Mª Luisa Sobrino del Río, Arquitecta do Concello de Vigo.

**Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos:** Titular: Dª. Mª Luisa Sobrino del Río, Arquitecta do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Blanca Ana Roig Sánchez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

**Enxeñeiro/a técnico/a topografía:** Titular: Dª. Sonia Estrada Ibáñez, Técnica de avaliación e formación de recursos humanos do Concello de Vigo. Suplente: D. Ezequiel Fernández Carpintero, Técnico de organización e planificación de recursos humanos do Concello de Vigo.

**Técnico/a medio/a de sistemas:** Titular: D.ª Mª Pilar Alonso Cacheiro, Técnica de sistemas do Concello de Vigo. Suplente: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Técnico de sistemas do Concello de Vigo.

**Técnico/a medio/a relacións laborais:** Titular: D. Óscar Couce Senra, Técnico de xestión do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Ana Mª Martín Herrero, Técnica Media de servizos económicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

**Programador/a informático/a:** Titular: D.ª Mª Pilar Alonso Cacheiro, Técnica de sistemas do Concello de Vigo. Suplente: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Técnico de sistemas do Concello de Vigo.

**Alguacil notificador/a:** Titular: Dª. Sonia Estrada Ibáñez, Técnica de formación e avaliación de recursos humanos do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Mª Belén Pérez Barreiro, Técnica media de servizos económicos.

**Secretario/a .-**

**Técnico/a de Administración Xeral rama xurídica:** Titular: D. Lucio C. Varela Borreguero, Técnico de administración xeral do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Albino Rodríguez Ferreira, Técnico de administración xeral do Concello de Vigo.

**Técnico/a de Administración Xeral rama económica:** Titular: Dª. María José Loureiro Bada, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Carmen Pintado García, Técnica de administración xeral do Concello de Vigo.

**Técnico/a de xestión:** Titular: Dª. Blanca Ana Roig Sánchez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo. Suplente: D. Lucio C. Varela Borreguero, Técnico de administración xeral do Concello de Vigo.

**Enxeñeiro/a industrial:** Titular: Dª. Blanca Ana Roig Sánchez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo. Suplente: Dª. Mª Isabel Fernández Gabriel, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos:** Titular: Dª. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: Dª. María José Loureiro Bada, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Enxeñeiro/a técnico/a topografía:** Titular: Dª. María José Loureiro Bada, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Secundino Otero Faílde, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Técnico/a medio/a de sistemas:** Titular: Dª. Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo. Suplente: Dª Mª Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

**Técnico/a medio/a relacións laborais:** Dª. Blanca Ana Roig Sánchez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo. Suplente: Dª. María José Loureiro Bada, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Programador/a informático/a:** Titular: Dª. Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo. Suplente: Beatriz Domínguez Pereira, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Alguacil notificador/a:** Titular: D. Secundino Otero Faílde, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: Dª. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Vogais.-**

**Técnico/a de Administración Xeral rama xurídica:**

**1º** Titular: Dª. Mª Jesús Magdalena Vila, Directora de ingresos do Concello de Vigo.

Suplente: D. Luis Rodríguez-cadarso de la Peña, Técnico de Administración xeral do Concello de Vigo.

**2º** Titular: Dª. Mª Berta Rosón López, Técnica de administración xeral do Concello de Santiago de Compostela.

Suplente: Dª. María Hernández García, Técnica de administración xeral do Concello de A Coruña.

**3º** Titular: Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

Suplente: D. Rudesindo Antañón Sobrado, Técnico de Administración Xeral rama económica do Concello de Vigo.

**Técnico/a de Administración Xeral rama económica:**

**1º** Titular: D. Rudesindo Antañón Sobrado, Técnico de Administración Xeral rama económica do Concello de Vigo.

Suplente: D. José González Rodríguez, Economista do Concello de Vigo.

**2º** Titular: Dª. Encarnación Dapena Losada, Técnica de Administración Xeral do Concello de Pontevedra.

Suplente: Dª. Alicia Paula Otero González, Técnica de Administración Xeral do Concello de Pontevedra.

**3º** Titular: D. Pablo Olmos Pita, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Suplente: D. Xesús M. Costas Abreu, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

**Técnico/a de xestión:**

**1º** Titular: Dª. Ana Mª Martín Herrero, Técnica Media de servizos económicos da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

Suplente: Dª. Belén Pérez Barreiro, Técnica Media de servizos económicos do Concello de Vigo.

**2º** Titular: D. José Luis Sarandeses Rodríguez, Técnico de xestión do Concello de Pontevedra.

Suplente: Dª. Sonia Gómez Álvarez, Técnica de xestión do Concello de Vigo.

**3º** Titular: Dª. Marta Núñez Aboy, Técnica Media de actividades culturais e educativas do Concello de Vigo.

Suplente: D. José Carlos Vázquez Míguez, Técnico Medio de servizos económicos do Concello de Vigo.

**Enxeñeiro/a industrial:**

**1º** Titular: Dª. Cristina Chao Polo, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

Suplente: D. Javier Albertos Benayas, Técnico de Sistemas do Concello de Vigo.

**2º** Titular: D. Manuel Torres Corredoria, Enxeñeiro industrial do Concello de Pontevedra.

Suplente: D. Manuel Otero Rajoy, Enxeñeiro industrial do Concello de Pontevedra.

**3º** Titular: D. Benjamín A. Collazo Rodríguez, Enxeñeiro industrial do Concello de Vigo.

Suplente: D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da edificación da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

**Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos:**

**1º** Titular: D. Francisco Alonso Fernández, Enxeñeiro de camiños, canais e portos da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Dª. Carmen Gómez Manzano, Arquitecta da Deputación de Pontevedra.

**2º** Titular: D. José Andrés Álvarez Vales, Enxeñeiro de camiños, canais e portos do Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Suplente: D. Benjamín A. Collazo Rodríguez, Enxeñeiro industrial do Concello de Vigo.

**3º** Titular: Dª. Cristina Chao Polo, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

Suplente: D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da edificación da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

**Enxeñeiro/a técnico/a topografía:**

**1º** Titular: D. Juan Hansen García, Enxeñeiro técnico de obras públicas da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

Suplente: D. Juan José Aguirre Rodríguez, Enxeñeiro técnico de obras públicas da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

**2º** Titular: D. Rafael Senn González, Enxeñeiro técnico en topografía do Concello de Pontevedra.

Suplente: D. Juan Franqueira Docampo, Enxeñeiro técnico en topografía do Concello de A Coruña.

3º Titular: Dª. Mª Francisca Arlandís Marra, Enxeñeira técnica de obras públicas do Concello de Vigo.

Suplente: D. Álvaro Crespo Casal, Enxeñeiro industrial do Concello de Vigo.

**Técnico/a medio/a de sistemas:**

1º Titular: D. José Francisco Mourelle González, Técnico de sistemas do Concello de Vigo.

Suplente: Dª Mª Pilar López Piñeiro, Técnica de sistemas do Concello de Vigo.

2º Titular: D. Javier Albertos Benayas, Técnico de sistemas do Concello de Vigo.

Suplente: D. Pablo Sevilla Valcárcel, Técnico de sistemas de la Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

3º Titular: D. Javier Muradás Blanco, Técnico de xestión do Concello de Vigo.

Suplente: Dª Belén Pérez Barreiro, Técnica media de servizos económicos do Concello de Vigo.

**Técnico/a medio/a relacións laborais:**

1º Titular: Dª. Mª Pilar Alonso Cacheiro, Técnica de sistemas do Concello de Vigo.

Suplente: D. Pablo Varela Ballesteros, Técnico medio de servizos económicos do Concello de Vigo.

2º Titular: Dª Belén Pérez Barreiro, Técnica media de servizos económicos do Concello de Vigo.

Suplente: Dª. Mª Dolores Vieites Alén, Técnica media de servizos económicos do Concello de Vigo.

3º Titular: D. José Carlos Montemuíño Santos, Inspector da Policía Local do Concello de Vigo.

Suplente: D. Javier Muradás Blanco, Técnico de xestión do Concello de Vigo.

**Programador/a informático/a:**

1º Titular: D. Miguel Amor Ríos, Programador informático do Concello de Vigo.

Suplente: D. Luis Iglesias Rejas. Programador informático do Concello de Vigo.

2º Titular: D. Santiago Pérez Agra, Técnico de sistemas do Concello de Pontevedra.

Suplente: D. Serafín González Davila, Programador informático do Concello de Pontevedra.

**3º** Titular: D. Francisco Espiñeira Álvarez, Programador informático do Concello de Vigo.

Suplente: Dª. Mercedes Mª Mesía Alonso, Programadora informática da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo.

**Alguacil notificador/a:**

**1º** Titular: Dª. Rosa Teresa Vázquez, Oficial conserxe do Concello de Vigo.

Suplente: D. José Ángel Fernández Alonso, Oficial conserxe do Concello de Vigo.

**2º** Titular: Dª. Mª Fátima Lamas González, Alguacil notificadora do Concello de Vigo.

Suplente: D. Javier Rodríguez Fernández, Subalterno do Concello de Vigo.

**3º** Titular: Dª. Lucía Portomeñe Correia, Oficial de oficios do Concello de Vigo.

Suplente: D. Higinio Durán Cabobianco, Oficial de oficios do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** Dispoñer que as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos serán os seguintes:

**Técnico/a de Administración Xeral rama xurídica quenda libre:** Venres 11 de xaneiro de 2019 ás 16:30 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Técnico/a de Administración Xeral rama xurídica promoción interna:** Luns, 21 de xaneiro de 2019 ás 10:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Técnico/a de Administración Xeral rama económica:** Xoves 10 de xaneiro de 2018 ás 16:30 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Técnico/a de xestión quenda libre:** Sábado, 19 de xaneiro de 2019 ás 09:30 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Técnico/a de xestión promoción interna:** Xoves, 17 de xaneiro de 2019 ás 16:30 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Enxeñeiro/a industrial:** Mércores, 9 de xaneiro de 2019 ás 16:30 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos:** Martes, 8 de xaneiro de 2019 ás 16:30 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Enxeñeiro/a técnico/a topografía:** Martes, 15 de xaneiro de 2019 ás 16:30 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Técnico/a medio/a de sistemas:** Mércores, 16 de xaneiro de 2019 ás 09:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Técnico/a medio/a relacións laborais:** Mércores, 16 de xaneiro de 2019 ás 16:30 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

**Programador/a informático/a:** Luns, 14 de xaneiro de 2019 ás 17:00 horas na Aula da UNED - 5ª Planta – sita no Auditorio Mar de Vigo. Rúa Beiramar nº 59, Vigo.

**Alguacil notificador/a:**. Venres, 18 de xaneiro de 2019 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016, habilítase expresamente ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal para dispoñer tales cambios por resolución do mesmo.

**Quinto.-** Informar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas. Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, nos lugares onde se celebren as probas e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

.”Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

**EXCMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO**

| | |
|---|---|
| Apelidos e Nome: | DNI: |
| Domicilio: | Telefono: |
| Domicilio a efectos de notificación: | Telefono: |

**MANIFESTA:**

Que tendo sido excluído dos procesos selectivos convocados para a provisión da praza de pertencente as Ofertas Publicas de Emprego dos anos 2014, 2015 e 2016, polo motivo (marcar) SOLICITA a súa admisión.

**CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS**

(1) Por falta de sinatura da solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.

(2) Por non acreditación da identidade mediante copia simple do DNI/NIE con plena vixencia.

(3) Por non presentar declaración xurada tal e como especifican as bases da convocatoria.

(4) Por non estar en posesión dos permisos de conducir C+E solicitados na base IV das específicas no caso de condutor-bombeiro. Por non acreditar mediante copia

compulsada estar en posesión dos permisos de conducir A2 e B (Base IV, apartado e) das específicas de policía local).

(5) Por non acreditación de estar en posesión da titulación requirida nas bases da convocatoria, mediante copia compulsada da dita titulación (Base IV, apartado d) das específicas de policía local).

(6) Pola imposibilidade para efectuar a consulta automática dos seus datos do DNI/NIE (previa autorización) ante a existencia de erros na comunicación do seu número e outros.

(7) Por non presentar certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos como funcionario de carreira noutros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia cunha categoría profesional igual á da convocatoria (policía) acreditando unha antigüidade mínima de 3 anos na dita categoría.

(8) Por non xustificar o pago da correspondente taxa de admisión ás probas selectivas.

Vigo, de de 2018

O/A INTERESADO/A

**(Apelidos e nome)**

**14(1444).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO GARCÍA BARBÓN". EXPTE. 3974/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/12/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

**I.-** Por Decreto de Alcaldía de data 13.01.2017, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a execución das obras de cubrición de patios de colexios, entre outras.

**II.-** O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente núm. 54/142, aprobación inicial do modificación orzamentaria nº 29/2018 - crédito extraordinario, para a aplicación de superávit, liquidación do orzamento do ano 2017, sendo publicada a súa aprobación definitiva no BOP do día 30/07/2018. Na mesma se contempla a aplicación 3230.622.00.71 "CUBRICIÓN PATIO DEL GARCÍA BARBÓN".

**III.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 27.04.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de cubrición do patio do CEIP Garcia Barbon a favor do Enxeñeiro Industrial D. Francisco Javier de la Puente Crespo (36104560B).

**IV.-** O Enxeñeiro Industrial D. Francisco Javier de la Puente Crespo presenta borrador do proxecto "Cubrición do Patio do Colexio García Barbón", cun orzamento base de licitación máis IVE de 199.883,69 euros.

**V.-** O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 09.11.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 12.11.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**VI.-** A presente actuación ten por obxecto a execución da cubrición do patio do colexio CEIP García Barbón, ubicado na Rúa Serafín Avendaño, en Vigo, co fin de dispor dunha zona de patio exterior cuberta que permita as prácticas deportivas ou de recreo en días de choiva. Consiste nas obras a executar que se enumeran a continuación:

- Contémplase como primeira actividade o levantado de varandas, tela metálica, malla electrosoldada e puntos de luz existentes. Demolición de pavimento continuo de formigón armado de hasta 30 cm e corte do pavimento de formigón para apertura das cimentacións.
- Execución de estrutura de cubrición mediante cimentación de formigón armado, estrutura metálica e cuberta de chapa de panel sándwich modular con tramos de paneis translúcidos. Se inclúe tamén o peche mediante malla e protección dos pilares hasta unha altura de 2,00m.
- Execución de cubrición de aceso ao patio cuberto resolta mediante paneis translúcidos.
- Mellora do pavimento existente baixo a cubrición mediante mortero con resinas acrílico-epoxi, incluíndose o pintado de liñas para pista deportiva de baloncesto.
- Renovación da iluminación da zona cuberta mediante proxectores LED ubicados nas cerchas da estrutura e rede de recollida de pluviais situadas a ambos lados de la cuberta.
- Remátanse a actuación cos traballos complementarios consitentes na eliminación dunha barrera arquitectónica, ampliación do ancho do corredor e cuberta sobre o corredor de acceso hasta este novo patio cuberto.
- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses.

**VII.-** A Enxeñeira Técnica Industrial e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emiten informe en data 10.12.2018 indicando o seguinte:

"Aínda que a contía do proxecto, excluído o IVE é de 165.193,13 € , inferior a 500.000 €uros, o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo afecta á estabilidade, seguridade e estanquidade da obra, polo que se considera que ten carácter preceptivo o artigo 235 da "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) .

A súa vez tendo en conta a contía do proxecto e as determinacións que fixa o art. 233.2 da LCSP, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.**- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO GARCÍA BARBÓN", redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Francisco Javier de la Puente Crespo cun orzamento base de licitación máis IVE de 199.883,69 € e data decembro de

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(1445).- PROPOSTA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE INCORPORACIÓN DE PREZOS CONTRADITORIOS NOS ANEXOS I E II DE PREZOS DE APLICACIÓN NO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.**

Dáse conta do informe-proposta do 11/12/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento , que di o seguinte:

<u>I.- Antecedentes.</u>

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 07.11.2014, acordou, entre outros:

"Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a **contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250)** por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcinal única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescripcións Técnicas Particulares asimesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12 meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de 18.10.2018 acordou autorizar a prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un prazo de un ano, polo período comprendido dende o 01.12.2018 ata o 30.11.2019.

**Terceiro**.- En data 10.12.2018 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal/ Directores técnicos do contrato de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo informan que:

Das inspeccións realizadas no viario municipal, tanto polos inspectores do Servizo de Vías e Obras como polos técnicos que subscriben e pola contrata de mantemento, foron detectadas necesidades de mantemento de viais que supoñen materiais e unidades de obra que non figuran contemplados nos Anexos I e II do prego de prescricións técnicas particulares (P.P.T.P.), de aplicación durante a execución do contrato, polo que se presenta a Adenta nº4 que recollen os cadros de prezos nº1 e nº2 e a xustificación de prezos destes novos prezos contraditorios propostos que nacen das inspeccións realizadas.

As principais necesidades detectadas no viario municipal son, entre outras, a adecuación dos sistemas de drenaxe transversal nas vías de alta capacidade de titularidade municipal, como son os túneles de Beiramar, accesos á cidade e outras rúas da rede de primeira orde. Tamén se actualizan os prezos para dar cabida a actuacións de reforzo estrutural con inclusión de micropilotes e anclaxes para levar a cabo actuacións necesarias como a estabilización de taludes no acceso a Punta Lagoa, denominada Travesía do Espiñeiro, estes prezos tamén son necesarios para o reforzo e mellora da estabilidade na Praza América (...)”

<u>Fundamentos</u>

**I.-** A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europpeo e o do Consello 2014/23/UE e 2014/24UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos iniciados antes da entrada en vigor da mesma 09.03.2018) se rexirán en canto aos seus efectos, cumplientos e extinción, incluida a súa modificación, duración e réxime de prórrogas pola normativa anterior. Se entenderán iniciados a partir de terse publicada a correspondente convocatoria do procedimento de adxudicación do contrato.

II.- O Prego de Prescripcións Técnicas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de data 26.06.2014, establece na súa cláusula 5, que os traballos que fose necesario realizar e que non estiveran previstos no cadro de prezos, fixaranse de forma contraditoria de conformidade co presvisto no artigo 234.2 do TRLCS tomando como base os prezos elementaris de materiais, maquinaria e man de obra contemplados no cadro de prezos contractual.

III.- No artigo 234.2 do TRLCS establéce, para o caso que nos ocupa, que os prezos aplicables serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por plazo mínimo de tres día hábiles. Si este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratr con outro empresario nos mesmos prezos que tivese fixado ou executalos directivamente.

O citado artigo regula os modificados dos contratos de obras, polo que se entende que a tramitación da incorporación de precios contradictorios seguirá os trámites contemplados para o procedemento de modificación dos contratos.

IV.- A incorporación de unidades de obra non previstas nos Anexos I e II do P.P.T.P, non supón variación no prezo do contrato nin nas anualidades nel previstas, xa que se se realizarán os servizos de acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello, así como obras que se encomenden ao contratista ata o límite presupostario establecido.

Concello de Vigo

V.- Competencia.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación conforme ao previsto da Disposición Adicional segunda parágraffo 3º do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista das anteriores circunstancias se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de cotnratación, a adoptación do seguinte ACORDO:

Autorizar o inicio do expediente de incorporación de prezos contradictorios nos Anexos I e II de prezos de aplicación no contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, sin modificación orzamentaria do mesmo, adxudicado á empresa Civisglobal S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, para incluír materiais e unidades de obra non previstos inicialmente nos ditos anexos do Prego de prescricións técnicas particular

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezasete minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez